




Concellaría de Cultura

SONS NA RÚA 2007

Xoves, 21 de xuño. Campus Sur. 21.00 h

OOJAMI



O grupo anglo-turco liderado por Necmi Cavli non deixa indiferente a ninguén, sempre anovadores, sempre diferentes, mostran a realidade plural dos sons das grandes urbes do século XXI.

Inspirados polo traballo pioneiro de Natacha Atlas e Transglobal Underground de mesturar ritmos modernos con elementos árabes tradicionais, os seus temas teñen a enerxía da música de baile pero con máis contido cultural: os sons tradicionais do laúde e a darbuka comparten protagonismo coa electrónica e o tecno británicos.

A música de Oojami, está orientada ao ritmo, pero gusta de usar partes melódicas para facela diferente: hai tanto influencias turcas como asiáticas e africanas. Usaron mostras de bosquimáns halaharis de Sudáfrica. Probaron con músicos en Indonesia, Ghana, Marrocos, etc. Aínda que o elemento maior é o turco. O espectáculo, que conta cun derviche e cunha bailarina de ventre, é un máxico percorrido musical a través das culturas.

Black Bum



Considerado un dos grupos revelación deste ano en Galiza, Black Bum combina na súa música diferentes influencias de música negra: Samba, funk, jazz, reggae, hip-hop, electrónica.....

A historia comezou no 2005 a partir das primeiras reunións e jams de samba na Bamba Café da Coruña. O grupo foise conformando coa chegada dos novos músicos procedentes de distintos universos musicais e con diferentes experiencias no mundo da música. Tras gañar o Foundation Reggae Festival sucedéronse as actuacións por todo o país.

Este ano 2007 o grupo encóntrase en fase de gravación da súa segunda demo e está a ser requirido para actuacións nos mellores eventos e locais da nosa xeografía.

O son de Black Bum sorprende, invita a bailar e deixa bo sabor de boca alá onde se presenta, facendo que xentes de todas as idades, condicións e gustos gocen do seu carácter e singularidade no directo.

Blasted Mechanism



Os Blasted Mechanism apostan pola innovación escénica, polo atrevemento e pola orixinalidade. Actualmente son a proposta máis destacada da música alternativa en Portugal e a súa posta en escena non ten nada que ver co visto ata o de agora.

Centrados no rock, estes estraños mutantes, inventores dun dialecto propio (o karkoviano), mesturan a electrónica con sons ancestrais. O grupo recorre a varios elementos musicais e instrumentais exóticos, habituais na música tradicional das máis diferentes latitudes e culturas como didgeridoos ou trompas tibetanas.

A banda formouse no 1996, desde entón compartiron escenario con grupos como Rage Against the Machine, Moby, Marilyn Manson, Beck, The Prodigy, Asian Dub Foundation, Nick Cave e Chemical Brothers, entre outros. O pasado ano eran nomeados por segunda vez como a mellor proposta portuguesa nos premios MTV Europa.

Os Blasted Mechanism veñen de lanzar o seu cuarto disco *Sound in Light*, unha viaxe á procura da espiritualidade. Quince novos temas, entre o rock industrial e a electrónica, con fortes influencias da «world music» que, con toda seguridade, abducirán o público.